

EL DERECHO DE HUELGA EN EL DERECHO INTERNACIONAL

Autores: Fotinopoulou Basurko, O. (DIR.).

Editorial: Tirant O Blanch, 2016.

A monografía *El derecho de huelga en el Derecho Internacional* aborda a regulación da folga (e a falta daquela) desde unha perspectiva internacional e comunitaria. Dirixida por Olga Fotinopoulou Basurko, profesora de Dereito do Traballo da Universidade do País Vasco, esta obra coral combina os distintos puntos de vista da mellor doutrina iuslaboralista, iusinternacionalpublicista e iusinternacionalprivatista. O libro proporciona unha análise pertinente e moi necesaria dada a recente ofensiva que sufriu o exercicio do dereito de folga no plano internacional, xa sexa polo labor interpretativo do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ou pola posición do grupo de empregadores da Organización Internacional do Traballo.

A obra está dividida en cinco capítulos de diversa autoría. As distintas liñas temáticas complementáanse entre si e axudan a comprender a complexidade do fenómeno da folga. O paroxismo do conflito laboral recibe unha intrincada cobertura xurídica dada a protección multinivel, as interpretacións opostas dos tribunais internacionais e as distintas concepcións da folga no dereito comparado. Neste contexto, *O dereito de folga no Dereito Internacional* contribúe a aclarar o panorama.

O primeiro capítulo, asinado por Magdalena Nogueira Guastavino, catedrática do Dereito do Traballo da Universidade Autónoma de Madrid, leva por título "*La huelga en el Derecho Internacional y la protección multinivel*". A autora comeza resaltando que o dereito de folga non se contempla de forma expresa en case ningún tratado internacional, senón que achou acomodo por vía

interpretativa nos artigos dedicados á liberdade de asociación ou a liberdade sindical.

Así, no ámbito da Organización Internacional do Traballo, nin a súa Constitución nin o seu Convenio núm. 87 de 1948, sobre liberdade sindical e protección do dereito de sindicación, non recoñece expresamente o dereito de folga. Con todo, xa en 1952 o Comité de Liberdade Sindical da OIT mantivo que o dereito de folga era un elemento “esencial” dos dereitos sindicais e durante décadas veu afirmando que se trata dun medio lexítimo e esencial das organizacións de traballadores para a defensa dos seus intereses.

No ámbito do Consello de Europa, a prof. Nogueira fai un percorrido pola xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos vertida sobre o art. 11.1 do Tratado de Roma, que só recoñece de modo xeral o dereito de toda persoa á liberdade de asociación, incluído o dereito para fundar sindicatos e a afiliarse aos mesmos para a defensa dos seus intereses. A partir dunha serie de casos contra o Estado turco (*Demira and Bakara v. Turkey*, *Enerji Yapi Yol Sen v. Turkey*, *Dilek et altri v. Turkey*), o TEDH abandona a súa posición inicial pola que o dereito de folga non se atopaba protexido polo art. 11 CEDH. O tribunal afirma que a interpretación do Convenio debe ter en conta elementos de Dereito Internacional, como os convenios da OIT, e que sobre tales bases o dereito á negociación colectiva deveu un elemento “esencial” do dereito á liberdade sindical.

A autora chama a atención sobre as interpretacións opostas do TEDH e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE). O Tribunal de Estrasburgo sostén que para a defensa dos intereses que lle son propios os traballadores deben necesariamente dispoñer do dereito de folga, que non pode limitarse senón por lei cun obxectivo lexítimo e como medida proporcional e necesaria nunha sociedade democrática, pero a diferenza do Tribunal de Luxemburgo na sentenza *Viking*, impón a proporcionalidade respecto das accións e límites do Estado e non fronte á acción sindical mesma.

A autora finaliza o panorama da regulación da folga no Dereito Internacional facendo referencia ao sistema interamericano de protección de dereitos e aos sistemas africano e árabe, unha achega moi interesante por pouco habitual.

A continuación, a prof. Nogueira realiza unha exposición da folga en dereito comparado, todo un exemplo de síntese. Facendo abstracción dos concretos requisitos formais que determinan o lícito exercicio do dereito de folga, a autora centra a súa clasificación en tres aspectos: a definición, o marco xurídico e a consideración como liberdade ou dereito. En base a eses tres elementos distingue tres modelos: o modelo anglosaxón, en Inglaterra e EEUU; o modelo continental europeo, en Alemaña, Francia e Italia e o modelo nórdico, en Suecia e Finlandia. Especialmente interesante é a exposición dos efectos que ten a folga no contrato de traballo nos distintos ordenamentos nacionais, así como a posibilidade de recorrer ao crebafolgaxe. A autora destaca que a folga no modelo anglosaxón baséase nuns principios diametralmente opostos aos que rexen en España, configurándose como unha liberdade máis que como un dereito.

Neste capítulo tamén se fai referencia á folga de solidariedade e outras accións transnacionais. Ante a inexistencia tanto dunha regulación transnacional da folga como de regulacións específicas a nivel nacional, a autora conclúe que a posibilidade do seu exercicio atópase indisolublemente unida á concreta regulación interna. Así, naqueles países cunha regulación moi restritiva do dereito de folga ou que prohiban as folgas de solidariedade, as posibilidades de levar a cabo unha folga máis aló das fronteiras nacionais resultarían case impensables.

A autora finaliza emancipándose da folga como fenómeno estritamente xurídico e centrándose nos problemas económico e político da folga transnacional. Nun moi interesante *excursus* de análise económica do Dereito, faise referencia á necesidade de adaptación da folga clásica ao novo modelo produtivo, marcado pola deslocalización, a resurrección do *laissez faire* e a automatización da forza de traballo. No plano político, critica a actuación “ultra vires” do TXUE nas decisións *Viking* e *Laval* e narra o conflito exposto no seo da OIT polo Grupo de Empresarios ao negar tras o 2012 a existencia dun dereito internacional á folga, rexeitando a interpretación do Convenio 87 que ata entón fora pacífica.

O segundo capítulo leva por título "*La regulación de huelga en el ordenamiento de la Unión Europea*". O seu autor, José María Miranda Boto, profesor de Dereito do Traballo na Universidade de Santiago de Compostela, comeza destacando o paradoxo de que a Unión fose capaz de limitar o custo do *roaming* en telefonía móbil ou de alcanzar unha moeda única, pero non de regular a dimensión colectiva das relacións laborais. A regulación (ou falta dela) do dereito de folga na Unión Europea merece ser examinada segundo o profesor desde dous enfoques distintos: o enfoque ortodoxo e o enfoque heterodoxo.

O autor cualifica de enfoque ortodoxo a posición doutrinal segundo a cal a Unión Europea carece de competencias en materia de folga (opinión que, curiosamente, vese reproducida noutros capítulos da mesma obra). Esta postura é a que parte dunha lectura conservadora do art. 153.5 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que afirma que "as disposicións do presente artigo [relativas á harmonización de lexislacións en materia de política social] non se aplicarán ás remuneracións, ao dereito de asociación e sindicación, ao dereito de folga nin ao dereito de peche patronal".

Segundo os autores ortodoxos, a única presenza da folga no acervo comunitario situaríase no nebuloso campo das Cartas de Dereitos. O profesor Miranda destaca que o recoñecemento da liberdade sindical e a folga na Carta de Dereitos Fundamentais non tivo consecuencia xurídica ningunha, debido a que non amplía nin modifica as competencias da Unión. Con todo, o illamento non é total, xa que como se pon de manifesto nas sentenzas *Viking*, *Laval* e *Rüffert*, o acervo da Unión incidiu na regulación dos dereitos fundamentais no ámbito laboral.

Fronte á concepción ortodoxa, o autor contrapón unha forma heterodoxa de entender o art. 153.5 TFUE. O autor afirma que o debate sobre as competencias da UE en materia de folga ha de centrarse en que bases xurídicas poderían fundamentar a elaboración de directivas ou regulamentos sobre esta cuestión. Examina por orde tres posibles bases, específicas e xenéricas, ás que se podería recorrer para ditar normativa supranacional sobre a folga: os arts. 114, 115 e

352 TFUE. Tras unha brillante análise, o prof. Miranda conclúe que o art. 352 podería servir como base para uniformar a normativa en materia de folga, sempre que se conseguise vincular con algunha das finalidades recollidas nos Tratados, e que o art. 115 tamén podería habilitar á Unión para ditar unha Directiva sobre a materia. En todo caso, só a UE pode encher a actual lagoa normativa da que adoece a regulación da folga transnacional.

A continuación, o autor narra as vicisitudes do fracasado Proxecto de Regulamento 'Monti II'. Se a proposta era digna de encomios pola decantación que realizaba da xurisprudencia do TXUE e o TEDH, con todo, adoeecía de solidez á hora de acudir á base xurídica adecuada, o art. 353 TFUE, pola súa total e absoluta falta de motivación. Foi unha oportunidade desaproveitada para a Comisión Europea para verter nun instrumento normativo os sólidos razoamentos da doutrina heterodoxa con relación ao dereito de folga na Unión Europea.

O prof. Miranda finaliza cun orixinal soliloquio, no que emulando a Hamlet pregúntase que é máis nobre para a Europa social, regular ou non regular a folga de dimensión europea. Aventurámonos a afirmar que todos en Elsinor superarían ese euroescepticismo tan danés tras oír os heterodoxos argumentos a favor dunha regulación comunitaria da folga.

O terceiro capítulo da obra, a cargo da profesora Natividade Mendoza Navas, da Universidade de Castela-A Mancha, leva por título "*La huelga y las acciones colectivas transnacionales en la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de la Unión Europea y del Tribunal Europeo de Derechos Humanos*". A autora expón as interpretacións opostas que nos últimos anos realizaron ambos os dous altos tribunais con relación ao dereito para adoptar medidas de conflito colectivo e do dereito de folga.

A xurisprudencia máis destacada do TXUE, aínda que declara que a folga e as medidas de conflito son dereitos fundamentais, supedita o seu exercicio ás liberdades económicas de establecemento e prestación de servizos. A autora resume e expón de forma crítica a doutrina sentada polo Tribunal de Luxemburgo nos asuntos *Viking*, *Laval* e

Fonnsnip. Por outra banda, en canto á xurisprudencia do TEDH, a prof. Mendoza realiza un percorrido polo progresivo recoñecemento do dereito de folga no Convenio Europeo de Dereitos Humanos, completando a perspectiva que xa ofrecera *supra* a prof. Nogueira.

Un dos capítulos máis interesantes e novos do libro é o quinto, obra da súa directora e titulado "*La huelga en el derecho de la UE desde la perspectiva del Derecho Internacional Privado*". A profesora Fotinopoulou Basurko aborda os problemas de competencia xudicial internacional e de lei aplicable que suscita a responsabilidade sindical derivada do exercicio de accións colectivas transnacionais. Para iso sérvese do Regulamento (UE) 1215/2012 e do Regulamento Roma II, relativo á lei aplicable ás obrigacións contractuais. Esperamos que en próximos traballos a autora complete o seu estudo abordando o terceiro elemento do Dereito Internacional Privado, o recoñecemento de sentenzas estranxeiras.

O capítulo comeza circunscribindo o ámbito de estudo ás folgas cun elemento estranxeiro e que fosen cualificadas como antixurídicas. A autora alude á polémica doutrinal ao redor da lei que debe rexer a cualificación da folga como lícitas ou ilícitas, se a *lex loci laboris* ou a *lex loci delicti*. Realízase unha moi correcta exposición do estado da cuestión, que queda aberta á reflexión.

En canto á determinación do tribunal competente para o coñecemento dunha demanda de danos e perdas derivada dunha acción de conflito colectivo, a autora analiza a interpretación das normas de competencia por parte do TXUE no caso *Torline*. Conclúe que en caso de responsabilidade sindical, o demandante podería elixir presentar a demanda ante calquera dos foros implicados: tanto perante os tribunais do lugar onde o dano se exterioriza como perante os tribunais do lugar onde se produciu o acontecemento causal. A autora afirma que, vista a xurisprudencia *Viking*, esta norma podería ter como consecuencia a posibilidade do "*forum shopping*".

En canto á lei aplicable á responsabilidade extracontractual derivada do exercicio do dereito á folga, a profesora Fotinopoulou analiza os sucesivos puntos de conexión que

ofrece o Regulamento Roma II: a designada polas partes a través dun pacto de *lege utenda*, a lei da residencia habitual común das partes, e, en defecto das dúas anteriores, a lei do país en que se emprendeu a acción colectiva ou vaia a emprenderse. A autora reclama un *aggiornamento* destes puntos de conexión para que se adapten mellor á nova realidade das relacións colectivas laborais e que se coordinen mellor coa *lex loci laboris*.

Conclúe a autora facendo unha breve referencia á posibilidade de inaplicar, total ou parcialmente, a lei reclamada pola norma de conflito a través das disposicións imperativas e de orde pública no marco do Regulamento Roma II. A posibilidade de que o TXUE controle os límites do xuíz nacional á hora de acudir á excepción de orde pública merece unha discusión en serio tras a xurisprudencia *Viking* e *Laval*. Tal e como afirma a autora, está en xogo a consideración da folga como principio ou valor fundamental dos sistemas xurídicos nacionais.

O quinto e último capítulo ten por obxecto "*La huelga en el derecho supranacional y su eventual impacto en la regulación estatal del derecho a la huelga*". A cargo dos profesores da Universidade do País Vasco Edurne López Loura e Mikel Urrutikoetxea Barrutia, comeza por examinar o art. 28 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que inclúe a folga baixo o epígrafe "*Derecho de negociación y de acción colectiva*". Os autores critican duramente o restritivo da regulación, que parece excluír a folga por solidariedade e a folga socio-política.

A continuación, os profesores fan un breve repaso da xurisprudencia do TXUE sobre a folga, resaltando unha vez máis a primacía das liberdades económicas sobre os dereitos sociais. Os autores lamentan a lixeireza argumentativa coa que en moitas ocasións o TXUE despachou asuntos, cun aberto descoñecemento do Dereito do Traballo e das realidades laborais. A principal consecuencia da xurisprudencia comunitaria, é dicir, o outorgamento de carta de natureza ao *dumping* social, é analizada en profundidade. Como solución ao problema que supón a primacía das liberdades económicas nun modelo é estado social, os autores propoñen un instrumento normativo que tente

harmonizar as liberdades de circulación e establecemento cos dereitos sociais, na liña da Proposta de Regulamento Monti II, pero que incorpore tamén a tradición da regulación da folga nos países do sur de Europa.

El derecho de huelga en el Derecho Internacional é unha obra útil e necesaria, dada a zozobra á que estivo sometido o dereito de folga nos últimos tempos. A monografía ofrece unha visión xeral e plural sobre a regulación do dereito de folga a escala internacional e europea e o seu eventual impacto no Dereito interno, que pode interesar a especialistas e a profesionais por igual.

EL DERECHO DE HUELGA EN EL DERECHO INTERNACIONAL

Autores: Fotinopoulou Basurko, O. (DIR.).

Editorial: Tirant O Blanch, 2016.

La monografía *El derecho de huelga en el Derecho Internacional* aborda la regulación de la huelga (y la falta de aquélla) desde una perspectiva internacional y comunitaria. Dirigida por Olga Fotinopoulou Basurko, profesora de Derecho del Trabajo de la Universidad del País Vasco, esta obra coral combina los distintos puntos de vista de la mejor doctrina iuslaboralista, iusinternacionalpublicista e iusinternacionalprivatista. El libro proporciona un análisis pertinente y muy necesario dada la reciente ofensiva que ha sufrido el ejercicio del derecho de huelga en el plano internacional, ya sea por la labor interpretativa del Tribunal de Justicia de la Unión Europea o por la posición del grupo de empleadores de la Organización Internacional del Trabajo.

La obra está dividida en cinco capítulos de diversa autoría. Las distintas líneas temáticas se complementan entre sí y ayudan a comprender la complejidad del fenómeno de la huelga. El paroxismo del conflicto laboral recibe una intrincada cobertura jurídica dada la protección multinivel, las interpretaciones opuestas de los tribunales internacionales y las distintas concepciones de la huelga en el derecho comparado. En este contexto, *El derecho de huelga en el Derecho Internacional* contribuye a aclarar el panorama.

El primer capítulo, firmado por Magdalena Nogueira Guastavino, catedrática del Derecho del Trabajo de la Universidad Autónoma de Madrid, lleva por título "La huelga en el Derecho Internacional y la protección multinivel". La autora comienza resaltando que el derecho de huelga no se contempla de forma expresa en casi ningún tratado

internacional, sino que ha hallado acomodo por vía interpretativa en los artículos dedicados a la libertad de asociación o la libertad sindical.

Así, en el ámbito de la Organización Internacional del Trabajo, ni su Constitución ni su Convenio núm. 87 de 1948, sobre libertad sindical y protección del derecho de sindicación, no reconoce expresamente el derecho de huelga. Sin embargo, ya en 1952 el Comité de Libertad Sindical de la OIT mantuvo que el derecho de huelga era un elemento "esencial" de los derechos sindicales y durante décadas ha venido afirmando que se trata de un medio legítimo y esencial de las organizaciones de trabajadores para la defensa de sus intereses.

En el ámbito del Consejo de Europa, la profa. Nogueira hace un recorrido por la jurisprudencia del Tribunal Europeo de Derechos Humanos vertida sobre el art. 11.1 del Tratado de Roma, que solo reconoce de modo general el derecho de toda persona a la libertad de asociación, incluido el derecho a fundar sindicatos y a afiliarse a los mismos para la defensa de sus intereses. A partir de una serie de casos contra el Estado turco (*Demira and Bakara v. Turkey*, *Enerji Yapi Yol Sen v. Turkey*, *Dilek et altri v. Turkey*), el TEDH abandona su posición inicial por la que el derecho de huelga no se encontraba protegido por el art. 11 CEDH. El tribunal afirma que la interpretación del Convenio debe tener en cuenta elementos de Derecho Internacional, como los convenios de la OIT, y que sobre tales bases el derecho a la negociación colectiva ha devenido un elemento "esencial" del derecho a la libertad sindical.

La autora llama la atención sobre las interpretaciones opuestas del TEDH y el Tribunal de Justicia de la Unión Europea (TJUE). El Tribunal de Estrasburgo sostiene que para la defensa de los intereses que le son propios los trabajadores deben necesariamente disponer del derecho de huelga, que no puede limitarse sino por ley con un objetivo legítimo y como medida proporcional y necesaria en una sociedad democrática, pero a diferencia del Tribunal de Luxemburgo en la sentencia *Viking*, impone la proporcionalidad respecto a las acciones y límites del Estado y no frente a la acción sindical misma.

La autora finaliza el panorama de la regulación de la huelga en el Derecho Internacional haciendo referencia al sistema inter-americano de protección de derechos y a los sistemas africano y árabe, una aportación muy interesante por inusual.

A continuación, la profa. Nogueira realiza una exposición de la huelga en derecho comparado, todo un ejemplo de síntesis. Haciendo abstracción de los concretos requisitos formales que determinan el lícito ejercicio del derecho de huelga, la autora centra su clasificación en tres aspectos: la definición, el marco jurídico y la consideración como libertad o derecho. En base a esos tres elementos distingue tres modelos: el modelo anglosajón, en Inglaterra y EEUU; el modelo continental europeo, en Alemania, Francia e Italia y el modelo nórdico, en Suecia y Finlandia. Especialmente interesante es la exposición de los efectos que tiene la huelga en el contrato de trabajo en los distintos ordenamientos nacionales, así como la posibilidad de recurrir al esquirolaje. La autora destaca que la huelga en el modelo anglosajón se basa en unos principios diametralmente opuestos a los que rigen en España, configurándose como una libertad más que como un derecho.

En este capítulo también se hace referencia a la huelga de solidaridad y otras acciones transnacionales. Ante la inexistencia tanto de una regulación transnacional de la huelga como de regulaciones específicas a nivel nacional, la autora concluye que la posibilidad de su ejercicio se encuentra indisolublemente unida a la concreta regulación interna. Así, en aquellos países con una regulación muy restrictiva del derecho de huelga o que prohíban las huelgas de solidaridad, las posibilidades de llevar a cabo una huelga más allá de las fronteras nacional resultarían casi impensables.

La autora finaliza emancipándose de la huelga como fenómeno estrictamente jurídico y centrándose en los problemas económico y político de la huelga transnacional. En un muy interesante *excursus* de análisis económico del Derecho, se hace referencia a la necesidad de adaptación de la huelga clásica al nuevo modelo productivo, marcado por la deslocalización, la resurrección del *laissez faire* y la

automatización de la fuerza de trabajo. En el plano político, critica la actuación “ultra vires” del TJUE en las decisiones *Viking* y *Laval* y narra el conflicto planteado en el seno de la OIT por el Grupo de Empresarios al negar tras el 2012 la existencia de un derecho internacional a la huelga, rechazando la interpretación del Convenio 87 que hasta entonces había sido pacífica.

El segundo capítulo lleva por título “La regulación de huelga en el ordenamiento de la Unión Europea”. Su autor, José María Miranda Boto, profesor de Derecho del Trabajo en la Universidad de Santiago de Compostela, comienza destacando la paradoja de que la Unión haya sido capaz de limitar el coste del *roaming* en telefonía móvil o de alcanzar una moneda única, pero no de regular la dimensión colectiva de las relaciones laborales. La regulación (o falta de ella) del derecho de huelga en la Unión Europea merece ser examinada según el profesor desde dos enfoques distintos: el enfoque ortodoxo y el enfoque heterodoxo.

El autor califica de enfoque ortodoxo la posición doctrinal según la cual la Unión Europea carece de competencias en materia de huelga (opinión que, curiosamente, se ve reproducida en otros capítulos de la misma obra). Esta postura es la que parte de una lectura conservadora del art. 153.5 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea, que afirma que “las disposiciones del presente artículo [relativas a la armonización de legislaciones en materia de política social] no se aplicarán a las remuneraciones, al derecho de asociación y sindicación, al derecho de huelga ni al derecho de cierre patronal”.

Según los autores ortodoxos, la única presencia de la huelga en el acervo comunitario se situaría en el nebuloso campo de las Cartas de Derechos. El profesor Miranda destaca que el reconocimiento de la libertad sindical y la huelga en la Carta de Derechos Fundamentales no ha tenido ninguna consecuencia jurídica, debido a que no amplía ni modifica las competencias de la Unión. Sin embargo, el aislamiento no es total, ya que como se pone de manifiesto, en las sentencias *Viking*, *Laval* y *Rüffert* el acervo de la Unión incidió en la regulación de los derechos fundamentales en el ámbito laboral.

Frente a la concepción ortodoxa, el autor contrapone una forma heterodoxa de entender el art. 153.5 TFUE. El autor afirma que el debate sobre las competencias de la UE en materia de huelga ha de centrarse en qué bases jurídicas podrían fundamentar la elaboración de directivas o reglamentos sobre esta cuestión. Examina por orden tres posibles bases, específicas y genéricas, a las que se podría recurrir para dictar normativa supranacional sobre la huelga: los arts. 114, 115 y 352 TFUE. Tras un brillante análisis, el prof. Miranda concluye que el art. 352 podría servir como base para uniformar la normativa en materia de huelga, siempre que se consiguiese vincular con alguna de las finalidades recogidas en los Tratados, y que el art. 115 también podría habilitar a la Unión para dictar una Directiva sobre la materia. En todo caso, solo la UE puede llenar la actual laguna normativa de la que adolece la regulación de la huelga transnacional.

A continuación, el autor narra las vicisitudes del fracasado Proyecto de Reglamento 'Monti II'. Si la propuesta era digna de alabanzas por la decantación que realizaba de la jurisprudencia del TJUE y el TEDH, sin embargo, adolecía de solidez a la hora de acudir a la base jurídica adecuada, el art. 353 TFUE, por su total y absoluta falta de motivación. Fue una oportunidad desaprovechada para la Comisión Europea para verter en un instrumento normativo los sólidos razonamientos de la doctrina heterodoxa acerca del derecho de huelga en la Unión Europea.

El prof. Miranda finaliza con un original soliloquio, en el que emulando a Hamlet se pregunta qué es más noble para la Europa social, regular o no regular la huelga de dimensión europea. Nos aventuramos a afirmar que todos en Elsinor superarían ese euroescepticismo tan danés tras oír los heterodoxos argumentos a favor de una regulación comunitaria de la huelga.

El tercer capítulo de la obra, a cargo de la profesora Natividad Mendoza Navas, de la Universidad de Castilla-La Mancha, lleva por título "La huelga y las acciones colectivas transnacionales en la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de la Unión Europea y del Tribunal Europeo de Derechos Humanos". La autora expone las interpretaciones opuestas

que en los últimos años han realizado ambos altos tribunales acerca del derecho a adoptar medidas de conflicto colectivo y del derecho de huelga.

La jurisprudencia más destacada del TJUE, si bien declara que la huelga y las medidas de conflicto son derechos fundamentales, supedita su ejercicio a las libertades económicas de establecimiento y prestación de servicios. La autora resume y expone de forma crítica la doctrina sentada por el Tribunal de Luxemburgo en los asuntos *Viking*, *Laval* y *Fonnship*. Por otra parte, en cuanto a la jurisprudencia del TEDH, la profa. Mendoza realiza un recorrido por el progresivo reconocimiento del derecho de huelga en el Convenio Europeo de Derechos Humanos, completando la perspectiva que ya había ofrecido *supra* la profa. Nogueira.

Uno de los capítulos más interesantes y novedosos del libro es el quinto, obra de su directora y titulado "La huelga en el derecho de la UE desde la perspectiva del Derecho Internacional Privado". La profesora Fotinopoulou Basurko aborda los problemas de competencia judicial internacional y de ley aplicable que suscita la responsabilidad sindical derivada del ejercicio de acciones colectivas transnacionales. Para ello se sirve del Reglamento (UE) 1215/2012 y del Reglamento Roma II, relativo a la ley aplicable a las obligaciones contractuales. Esperamos que en próximos trabajos la autora complete su estudio abordando el tercer elemento del Derecho Internacional Privado, el reconocimiento de sentencias extranjeras.

El capítulo comienza circunscribiendo el ámbito de estudio a las huelgas con un elemento extranjero y que fuesen calificadas como antijurídicas. La autora alude a la polémica doctrinal en torno a la ley que debe regir la calificación de la huelga como lícitas o ilícitas, si la *lex loci laboris* o la *lex loci delicti*. Se realiza una muy correcta exposición del estado de la cuestión, que queda abierta a la reflexión.

En cuanto a la determinación del tribunal competente para el conocimiento de una demanda de daños y perjuicios derivada de una acción de conflicto colectivo, la autora analiza la interpretación de las normas de competencia por parte del TJUE en el caso *Torline*. Concluye que en caso de responsabilidad sindical, el demandante podría elegir

presentar la demanda ante cualquiera de los foros implicados: tanto ante los tribunales del lugar donde el daño se exterioriza como ante los tribunales del lugar donde se produjo el acontecimiento causal. La autora afirma que, vista la jurisprudencia *Viking*, esta norma podría tener como consecuencia la posibilidad del “*forum shopping*”.

En cuanto a la ley aplicable a la responsabilidad extracontractual derivada del ejercicio del derecho a la huelga, la profesora Fotinopoulou analiza los sucesivos puntos de conexión que ofrece el Reglamento Roma II: la designada por las partes a través de un pacto de *lege utenda*, la ley de la residencia habitual común de las partes, y, en defecto de las dos anteriores, la ley del país en que se haya emprendido la acción colectiva o vaya a emprenderse. La autora reclama un *aggiornamento* de estos puntos de conexión para que se adapten mejor a la nueva realidad de las relaciones colectivas laborales y que se coordinen mejor con la *lex loci laboris*.

Concluye la autora haciendo una breve referencia a la posibilidad de inaplicar, total o parcialmente, la ley reclamada por la norma de conflicto a través de las disposiciones imperativas y de orden público en el marco del Reglamento Roma II. La posibilidad de que el TJUE controle los límites del juez nacional a la hora de acudir a la excepción de orden público merece una discusión en serio tras la jurisprudencia *Viking* y *Laval*. Tal y como afirma la autora, está en juego la consideración de la huelga como principio o valor fundamental de los sistemas jurídicos nacionales.

El quinto y último capítulo tiene por objeto “La huelga en el derecho supranacional y su eventual impacto en la regulación estatal del derecho a la huelga”. A cargo de los profesores de la Universidad del País Vasco Edurne López Rubia y Mikel Urrutikoetxea Barrutia, comienza por examinar el art. 28 de la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea, que incluye la huelga bajo el epígrafe “Derecho de negociación y de acción colectiva”. Los autores critican duramente lo restrictivo de la regulación, que parece excluir la huelga por solidaridad y la huelga socio-política.

A continuación, los profesores hacen un breve repaso de la jurisprudencia del TJUE sobre la huelga, resaltando una vez

más la primacía de las libertades económicas sobre los derechos sociales. Los autores lamentan la ligereza argumentativa con la que en muchas ocasiones el TJUE ha despachado asuntos, con un abierto desconocimiento del Derecho del Trabajo y de las realidades laborales. La principal consecuencia de la jurisprudencia comunitaria, es decir, el otorgamiento de carta de naturaleza al dumping social, es analizada en profundidad.

Como solución al problema que supone la primacía de las libertades económicas en un modelo de estado social, los autores proponen un instrumento normativo que intente armonizar las libertades de circulación y establecimiento con los derechos sociales, en la línea de la Propuesta de Reglamento Monti II, pero que incorpore también la tradición de la regulación de la huelga en los países del sur de Europa.

El derecho de huelga en el Derecho Internacional es una obra útil y necesaria, dada la zozobra a la que ha estado sometido el derecho de huelga en los últimos tiempos. La monografía ofrece una visión general y plural sobre la regulación del derecho de huelga a escala internacional y europea y su eventual impacto en el Derecho interno, que puede interesar a especialistas y a profesionales por igual.

Alberto Escobar Iglesias

Graduado en Derecho
Universidad de Santiago de Compostela